



A crianza de pé

Lois Ferradás Blanco
Carlos Santos

[Artigo]

Novembro 2006

Resumo

O bebé, dende o seu nacemento, explora o seu contorno máis próximo e descobre todos os obxectos que atopa ao seu alcance. A medida que as súas posibilidades llo permiten, colle e manexa cousas grandes, levanta as máis pequenas e déixaa caer, busca outras para facelas rodar. Sabe sinalar co dedo o que desexa obter.

Ao acabar o primeiro ano ou antes, móvese, vai a gatas, e mesmo intenta dar algún pasiño incerto. A medida que o seu mundo se fai máis grande, e vai tomando coñecemento del, conquista o seu ambiente; as cousas que antes só podía ver, agora pode alcanzalas, se quere.

Precisa o apoio das persoas maiores, ser animado por elas xa que cada exploración contén algunha incógnita que teme como unha ameaza.

Nesta idade a tarefa máis importante do adulto é intentar que o neno poida satisfacer sen riscos, a súa necesidade de experimentar sempre novas habilidades.

Palabras Chave: Contorno físico e social, exploración, experimentación, gateo, autonomía, linguaxe, xogo

Explorando o contorno

No transcurso do segundo ano de vida, a medida que van medrando, os nenos e nenas irán afinando e perfeccionando o control dos seus movementos, ate o punto de poder correr con seguridade apoiando ben todo o pé. Nesta fase de aprendizaxe, conseguen erguerse partindo dunha posición aniñada, ou subir aparruñando sobre unha escaleira paso a paso.

No exercicio destas manobras non han de faltar puntos de apoio que lle ofrezan seguridade no lugar onde estea: barras fixas ou “mobeis” sólidos aos que agarrarse para poñerse dereita/o e quedar de pé realizando os primeiros pasos.

Como fase preparatoria, canto máis anden a gatas mellor para elas/es, porque desenvolverán os seus músculos e a súa capacidade de coordinación. Cando se sintan seguras/os, erguerán o pé solas/os, sen axuda.

A persoa maior ao seu coidado ten que deixarlles facer e durante estas operacións debe estar preparada/o para expresar a súa satisfacción, ofrecéndolles sempre palabras de estímulo.

Acceder, comparar e escoller os obxectos do seu contorno próximo

As nenas e os nenos sempre teñen un gran interese en encher e baleirar, en cargar e descargar recipientes de todo tipo: cestiños, sacos, caixas con tapa, pequenos caldeiros,...



Compre lembrar a necesidade de ter variedade de cousas diferentes en canto á súa forma, dimensións e materiais, que enriquezan de xeito estimulante as súas experiencias; por exemplo: pelotas de goma, de la, de tenis, ...; unha colección de tapóns de cortiza, de piñas, de anelas de cortinas, de tapóns metálicos, algún cochiño, (sempre haberá pequenos obxectos, para as persoas maiores moitas veces carentes de valor, pero sen embargo moi estimulantes para as nenas e os nenos...



Pode resultar de utilidade para esta idade un apoio cunha asa de altura regulable, que a crianza poda empurrar diante cando aprende a andar; a randeeira colgada do teito, tamén está moi ben para esta idade.

Subindo e baixando

Unha construción baixa con tres banzos por cada lado é unha solución moi boa para aprender a subir e baixar escaleiras.

Cando a crianza xa aprendeu a moverse a gatas, pódese ensinar a baixar os pasos ou banzos sempre a gatas, pero cara atrás, como esencial medida de seguridade.



¿Cales son os xoguetes preferidos polos nenos e nenas?

No terreo dos xoguetes, saen cada día ao mercado unha gran cantidade de novidades, que en moitas ocasións dificultan a súa selección. Elixir o xoguete ideal para estas idades resulta unha tarefa moi complicada, agora ben: hai certos xoguetes, que poderíamos denominar “clásicos”, que co paso do tempo teñen demostrado a súa eficacia e polos que os nenos destas idades adoitan amosar certa predilección.

Os tobogáns e os bambáns (que cumpran as condicións de seguridade pertinentes) son moi bos xogos para esta idade; outro dos xoguetes “favoritos” dos nenos e nenas, adoita ser o cabalo de madeira ou de cartón, dunha altura que o podan montar solas/os. Un coche de pedais ou un triciclo tamén poden ser moi útiles.



Os nenos e nenas desta idade gozan cos xoguetes de arrastrar. Hai moitos tipos e modelos no mercado, mais pódese facer un sen gasto algún, utilizando unha caixa cilíndrica de latón alargada; métenselle dentro dous ou tres croios (ou axóuxeres); fáiselle un burato no fondo e outro na tapa; pásaselle por eles un arame moi forte; dóbranselle os extremos cara dentro facendo asa; polas asas pásanselles uns dous metros de cordel, de maneira que tirando polo cordel vaia o bidón detrás da crianza facendo barullo.

Na procura de autonomía á hora de comer

Unha cousa importante que as crianzas aprenderán a facer no seu segundo ano de vida será: comer por si solas. O mesmo que acontece con todas as cousas que se refiren

ao corpo, non podemos obrigar a unha crianza a comer ou a durmir, tal como non podemos obrígalas a controlar as súas funcións corporais.

A persoa maior poderá animar á crianza a adquirir determinados hábitos e comportamentos que consideramos como “desexables”, pero só ofrecendo e buscando colaboración, mostrándose comprensiva e afectuosa.

En ocasións, as persoas maiores enfrontámonos a certas situacións de tensión que nos quitan as gañas de comer. Para os nenos e nenas hai tamén situacións parecidas, pero eles/as non son capaces de darnos explicacións e simplemente refugan o trato. Considerar este xesto como un capricho inxustificable significa demostrar pouca sensibilidade e pouca imaxinación. Hai que evitar reaccionar ante o rexeitamento da crianza como se fose unha provocación.

Normalmente á idade dun ano a crianza sabe beber dunha cunca se lle axudamos un pouco. Sabe coller unha culler, pero non sabe usala correctamente. Pode mastigar e gústalle facelo. O/a adulto/a acordarase de ofrecerlle auga (sempre a sorbiños), porque é probable que teña sede, pero non sabe e non pode pedir bebida; se non quere beber refugará a cunca. Neste senso, haberá que evitar calquera forma de coacción, pois non é bo que as crianzas teñan medo nin sufran ameazas.

A hora de durmir

No que se refire ao sono, compre facilitarles aos nenos e ás nenas unha habitación tranquila e na que se sintan seguros/as. No tocante á duración do sono, hai que respectar os ritmos da crianza tratando de que estes concorden, o mellor posible, tamén coas necesidades de descanso das persoas maiores. A coordinación entre o ámbito familiar e o escolar, no que a sono se refire, debe estar perfectamente acordada.

Control das funcións fisiolóxicas (“Pis” e “Caca”)

Acostúmase a pedirles aos nenos e nenas que controlen as súas funcións corporais no segundo ano de vida. Un meniño ou meniña logra establecer o control destas funcións só cando o seu desenvolvemento neuromuscular llo permite e ademais cando decide responder positivamente ao desexo expresado polas persoas maiores: pedir o ouriñal no momento xusto. Por iso a crianza non ten que ser sometida a esforzos para os que aínda non está preparada.

Compre sinalar que o control das chamadas “funcións fisiolóxicas” é, para as crianzas, unha experiencia distinta das precedentes (a locomoción, o descanso, a alimentación) que se desenvolven sen que a persoa maior formule peticións especiais.

No control das funcións corporais, en cambio, pedímoslle á crianza que colabore en algo que non lle parece útil; colaborará só por compracer ás persoas maiores coas que se relaciona con afecto e confianza.

Ao principio, o/a pequeno/a manifestará, cun certo estado de nerviosismo, a súa necesidade de usar o ouriñal; e cando o manifeste máis claramente,... polo xeral xa será demasiado tarde. Pode, de todas as maneiras, axudar a limpar o chan, e farao con ledicia.

se lle pedimos axuda. É importante que o ocorrido sexa considerado como un feito calquera, xa que rifarlle non servirá máis que para aumentar o seu estado de ansiedade e para retrasar, polo tanto, o momento no que se logrará manter o control.

Os xogos e as primeiras palabras

Ademais de adquirir o control das funcións corporais, na liña indicada anteriormente, as actividades desta idade comprenden o inicio de xogos de fantasía como: a casiña de bonecas ou formas sinxelas de disfrace. Gústalles mirar debuxos e libros, “debuxar” sobre papel con lapis de cores, facer construcións moi sinxelas ou por exemplo resolver un sinxelo “crebacabezas”. Ás veces prefiren permanecer de pé ou no chan, ou sobre unha alfombra, en vez de estar sentadas/os nunha cadeira.



Outra adquisición propia da última parte do segundo ano, consiste nos rápidos progresos na utilización da palabra que, a partir dos primeiros gorxeos, procede ininterrompidamente se as circunstancias son favorables. A tarefa das persoas maiores en interpretar e entender as primeiras formas de comunicación que a crianza intenta, require imaxinación e paciencia, pero pouco a pouco o código empeza a ser compartido e con esta situación chega o entendemento.

A situación do/a pequeno/a nesta fase é parecida á nosa cando estamos nun país do estranxeiro do que descoñecemos a lingua: intentamos facernos comprender coas poucas palabras á nosa disposición. Sabendo que está en apuros, coa dificultade de facerse entender, o noso respecto cara este esforzo ha de ser grande.

Referencias

Preescolar na Casa: “Cadernos de Preescolar na Casa” (nº35) < <http://www.preescolamacasa.org> >

Cita recomendada

Ferradás Blanco, Lois; Santos Mato, Carlos (2006): “O neno de pé”. Chupeta. Xunta de Galicia. Vicepresidencia. [Data de consulta:dd/mm/aa]. [URL <http://>]



Esta obra está baixo a licenza Recoñecemento – Non comercial – Obras derivadas baixo a mesma licenza 2.5 de Creative Commons. Pódeas copiar, distribuír e comunicar publicamente sempre que especifique o seu autor e a Xunta de Galicia; non a utilice para fins comerciais; pode facer obras derivadas e distribuíla cunha licenza coma esta. A licenza completa pódese consultar en <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/2.5/deed.gl>.